

Nome _____ Data _____

A Vía Láctea

O universo está formado por milleiros de millóns de galaxias. Unha galaxia é unha gran concentración de estrelas, planetas, gases, po...

Distínguense varios tipos de galaxias segundo o seu tamaño, a súa forma (espiral, elíptica ou irregular), a súa luz, etc. As galaxias están en continuo movemento, separándose unhas doutras a gran velocidade.

A galaxia en que está o sistema solar é a Vía Láctea. O termo *Vía Láctea* quere dicir *Camiño de Leite*.

Denomínase así porque, se se mira ao ceo durante a noite, pódese ver unha banda ancha de cor branca formada por miles de estrelas, coma se fose un camiño. Tamén se lle chamou *Camiño de Santiago*, xa que orientaba os peregrinos que viaxaban a Santiago de Compostela.

A Vía Láctea é unha galaxia grande en forma de espiral con varios brazos. Conta con máis de 200.000 millóns de estrelas. As estrelas más antigas están situadas no centro da galaxia e as más novas, nos brazos.

A nosa galaxia tarda máis de 200 millóns de anos en rotar sobre si mesma. E, se quixésemos atravesala, tardaríamos 100.000 anos.

O sistema solar atópase no Brazo de Orión.



1 Le o texto e contesta.

- Que é unha galaxia? _____
- Por que a nosa galaxia se chama Vía Láctea? _____

- Que forma ten? _____
- Por cantas estrelas está formada? _____
- Onde está situado o sistema solar dentro da Vía Láctea? _____

2 O sistema solar está na Vía Láctea. Que astros forman parte do sistema solar?

3 Os planetas son corpos que xiran arredor dunha estrela.
Clasifica os planetas do sistema solar segundo a súa posición con respecto ao Sol.

Planetas próximos ao Sol	Planetas afastados do Sol

4 Que movementos realizan os planetas? Indica en que consiste cada un deles.

5 Algúns planetas teñen satélites. Como se chama o satélite do noso planeta?

6 Busca información en Internet sobre outra galaxia (Andrómeda, O Triángulo...) e responde as preguntas.

- Onde está situada con respecto á Vía Láctea? _____
-

- Cal é a súa forma: espiral, elíptica...? _____
-

- Que cores predominan nela? _____
-